

MATERIAL COLECTIVO ARBITRAL

A Federación Galega de Balonmán comunica as seguintes cuestión relacionadas co material esencial para que o colectivo arbitral realice a súa labor na tempada 19/20:

- **TARXETAS SANCIONADORAS:** Dende o martes 15 de outubro de 2019 os membros do colectivo arbitral da FGBm, poden pasar a recoller o xogo das novas tarxetas sancionadoras; o horario de recollida é de luns a venres de 9:30 a 13:30 e de 16:00 a 20:00 horas. Calquera pode recoller o xogo dalgún compañeiro/a, sempre e cando se deixe claro o nome do/a interesado/a e se faga responsable da entrega das mesmas.



IMPORTANTE: O primeiro xogo de tarxetas por tempada é gratuito; en caso de querer adquirir mais xogos (non se venden por separado) o prezo é de 4€ e pode recollese en calquera momento na sede da FGBm.

- **TARXETAS CONTROL TANTEO:** Os colexiados/as que non dispoñan de tarxetas para levar o tanteo dos encontros poden pasar en calquera momento pola sede da FGBm a recollelas.
- **UNIFORMIDADE:** Durante o mes de Novembro tratarase de que todos os membros/as do colectivo poidan pasar a recoller o uniforme para realizar as súas funcións.

Todos/as deben ter a súa talla posta na área privada de MiSquad antes do 23 de outubro, de non ser así a Federación non garantizará a entrega do uniforme.

En Vigo a 20 de Outubro de 2019.

